



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 21 DE AGOSTO DE 2015**

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIRO/AS:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Antonio Calviño Gómez.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. José Manuel García Sesmonde.

### **Non asisten e se excusan:**

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D. José Piñeiro Blanco.

PP:

D. Adolfo Manuel Grobas Vázquez.

### **SECRETARIO - INTERVENTOR :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 21 de agosto de 2015, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

## **1. APROBACIÓN INICIAL EXPTE. CRÉDITO EXTRAORDINARIO CE 02/2015. INFORME DE ESTABILIDADE.**

*O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:*

### **“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO**

*Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito (referencia Crédito extraordinario 02/2015), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, pola necesidade de consignar crédito por importe de 3.045,57€ para acometer o proxecto de “Aforro de eficiencia enerxética para a renovación de instalacións de iluminación pública exterior”, que ten un importe total de 20.303,80€, cofinanciado con 17.258,23€ polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo FEDER-GALICIA 2007-2013, e visto o informe de Intervención en relación coa lexislación aplicable e en relación coa estabilidade orzamentaria, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:*



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito CE 02/2015, mediante crédito extraordinario, no orzamento do Concello de Mesía para o ano 2015, por importe de 3.045,57€, na aplicación orzamentaria 165.61900 (Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Alumeado público. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral), financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.*

-Alta:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Consignación inicial	Crédito extraordinario	Consignación final
165.61900	Servizos públicos básicos. Benestar comunitario. Alumeado público. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	0,00€	3.045,57€	3.045,57€

- Financiación do crédito extraordinario: Remanente de tesorería para gastos xerais

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe
87000	Remanente de Tesourería para Gastos xerais	3.045,57€

*Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións.*

*Mesía, 18 de agosto de 2015. O ALCALDE Asdo. Mariano Iglesias Castro.”*

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que, tal como se di na proposta, vaise dotar crédito na partida correspondente para facer fronte á aportación municipal da subvención sinalada na proposta que ten por obxecto a renovación de dous alumbrados de sodio a led nas parroquias de Olas e Cumbras.

Debe darse conta así mesmo de que, segundo se pon de manifesto no informe de intervención, con esta modificación de créditos, cúmprese á estabilidade orzamentaria.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, aprobase por unanimidade dos concelleiros presentes.

## **2. APROBACIÓN INICIAL EXPTE. CRÉDITO EXTRAORDINARIO CE 03/2015. INFORME DE ESTABILIDADE.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## “PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

*Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito (referencia Crédito extraordinario 03/2015), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, pola necesidade de consignar crédito por importe de 3.391,12€ para acometer o proxecto de “Instalación solar térmica para subministro de AQS no campo de fútbol de Visantoña”, que ten un importe total de 8.920,12€, cofinanciado con 5.529,00€ polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e visto o informe de Intervención en relación coa lexislación aplicable e en relación coa estabilidade orzamentaria, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito CE 03/2015, mediante crédito extraordinario, no orzamento do Concello de Mesía para o ano 2015, por importe de 3.391,12€, na aplicación orzamentaria 342.60900, financiado con remanente de tesorería para gastos xerais.*

*-Alta:*

Aplicación orzamentaria	Denominación	Consignación inicial	Crédito extraordinario	Consignación final
342.60900	Producción de bens públicos de carácter preferente. Instalacións deportivas. Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados a uso xeral	0,00€	3.391,12€	3.391,12€

*- Financiación do crédito extraordinario: Remanente de tesourería para gastos xerais*

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe
87000	Remanente de Tesorería para Gastos xerais	3.391,12€

*Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións.*

*Mesía, 18 de agosto de 2015. O ALCALDE.Asdo. Mariano Iglesias Castro.”*

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que, tal como se di na proposta, vaise dotar crédito na partida correspondente para facer fronte á aportación municipal da subvención sinalada na proposta que ten por obxecto a instalación de paneis solares para auga quente no campo de fútbol.

Debe darse conta así mesmo de que, segundo se pon de manifesto no informe de intervención, con esta modificación de créditos, cúmprese á estabilidade orzamentaria.



# **CONCELLO DE MESIA** (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, aprobase por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e corenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,  
O alcalde,